



Xosé Manuel Fernández Montes, voceiro do Bloque Nacionalista Galego na Corporación Municipal do Concello de Quiroga, presenta o seguinte escrito a Alcaldía.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A crise sanitaria do COVID-19 está provocando unha situación de emerxencia insólita que nos colleu a todos un pouco por sorpresa. Por sorpresa, por dicilo dalgunha maneira e non ferir sensibilidades de ninguén nin entrar a valorar irresponsabilidades de ninguén, crendo que non é o momento e que debemos centrar as enerxías no presente co obxectivo de conter o virus e buscar solucións de continuidade para saír desta.

Dende o BNG de Quiroga tivemos comunicación coa alcaldía ofrecéndonos para participar en reunións, para botar unha man no que fixese falta e para poder aportar ideas na toma de decisións de cara a frear a pandemia e atender aos veciños e veciñas de Quiroga. E tamén solicitamos ser informados das accións que se tomaban nas 'comisións de seguimento do COVID19' que se realizan no concello semanalmente, para non ter que informarnos delas nas redes sociais ou pola prensa. Tendida a nosa man comunicóusenos que se había algunha novidade substancial seríamos avisados e que se as novidades "se podían ler nestes medios non había porque escribilas". E tamén resulta curioso que se nos traslade un recorte de prensa da Voz de Galicia para informarnos dunha acción do goberno, como se a noticia fose a opción máis formal e veraz, de primeira man, de comunicarlle á oposición as decisións e accións do goberno municipal...

Con estas limitacións para a participación, que cremos que nestes tempos non teñen sentido porque hai que ir todos xuntos contra o inimigo, contactamos con persoal do concello, residencia, centro de día, algúns veciños e tamén comerciantes. Todo para preocuparnos por eles, comprobar que se cumpren protocolos de sanidade, animar que falta fai e ofrecernos para axudar con ideas ou propostas que podan amortecer os efectos desta crise sanitaria, pero tamén económica.

Así mesmo, felicitamos ao goberno polo labor de contención sanitaria destas semanas e ao persoal da Residencia de Maiores polo 'autoconfinamento', accións ambas que axudaron a que o coronavirus tivese unha incidencia anecdótica no noso concello. Non nos doen prendas recoñecelo, así fixeran todos en tempos como estes...

Respecto a accións de goberno que teñen que ver coa contención económica da crise tamén estamos de acordo en medidas que se empezan a tomar agora como a solicitude de aprazamento de impostos que recada a Deputación de Lugo ou a axuda asistencial a grupos de risco como por exemplo a comunidade

xitana, faltaría máis. Pero temos outras propostas, de inicio, que cremos interesantes e necesarias para atender as necesidades dos veciños e veciñas máis prexudicados economicamente nesta pandemia. Cómpre apostar por medidas sociais, agora máis que nunca, e polo rescate de familias, comercios e empresas.

Nesta liña, tamén temos claro que cómpre saber canalizar as axudas que chegan do Estado, moitas a través da Xunta de Galicia, e da propia administración autonómica e saber ser agradecido a “ambas administracións”. Ser agradecido e esixir, claro está, máis e mellor, pero tamén buscar posibilidades de recursos excepcionais no propio orzamento do Concello, que aínda que non sobren os cartos seguro que se poden ‘reaxustar partidas orzamentarias’.

Exposto o anterior trasladámoslle unha petición formal de comunicación directa co BNG de Quiroga e unha batería de propostas para ter en conta na toma de decisións relacionadas coa crise sanitaria e económica do COVID-19.

SOLICITAMOS

1. Que se nos informe por escrito das decisións que se toman na “Comisión de seguimento do COVID19” e que se traducen en medidas que afectan a toda a cidadanía. Non é de recibo que se nos remita á prensa ou á páxina de facebook do Concello ou se nos pasen recortes de prensa escrita para enterarnos.
2. Que se implementen as medidas técnicas oportunas para poder realizar Plenos Telemáticos, permitidos xa tras as a publicación do Real Decreto Lei 11/2020 do 31 de marzo, como fan outros concellos. Deste xeito poderemos retomar a vida política e poderase dar conta das accións de goberno relacionadas co COVID-19 contando con todas as forzas políticas da corporación municipal para o seu debate.

E **para complementar a acción de goberno** na contención sanitaria e na planificación de solucións, a presente e futuro, que teñen que ver coa asistencia social e auxilio económico de familias e sector produtivo,

PROPOÑEMOS

Medidas sanitarias:

1. Non baixar a garda e seguir desinfectando o núcleo urbano, edificios públicos e residencia, pero tamén as zonas comúns das aldeas, sobre todo as zonas onde están os contedores de lixo.

2. Se xa se completou unha primeira entrega de máscaras á poboación maior e a aquela que ten patoloxías de risco, pensar tamén en entregar aos máis pequenos e ao gremio de taxistas, como prevención polo seu trato directo, e incluso asistencial, con clientes da terceira idade. Noutras profesións a distancia de seguridade pode axudar como medida de protección pero dentro dun coche iso non é posible, co cal consideramos que cómpre extremar a prevención sendo as máscaras un elemento indispensable que os taxistas teñen que usar cada día. Dentro das posibilidades, mirar de conseguir tamén que todas as que se repartan sexan reutilizables.
3. Axilizar a chegada de máis material e de test para o persoal que traballa no ambulatorio. Cónstanos que teñan material de prevención, pero non o óptimo, e que aínda non saben nada de probas test, probas que consideramos imprescindibles de igual xeito que se fixeron na residencia de maiores.

Medidas sociais:

1. Esixir a Intervención a **elaboración urxente do Estado de Contas do 2019 para saber con que “remanente” contamos**. Sabemos que no 2018 tivemos un saldo positivo de algo máis de medio millón de euros e no 2019 todo apunta a que tamén teremos. Coñecido ese superavit do 2019, como xa saberá, poderase destinar o 20% do mesmo a “servizos sociais e promoción social” segundo vén de aprobar o Goberno Central no artigo 3 do Real Decreto Lei 8/2020 de 17 de marzo, que foi complementado co artigo 20 do Real Decreto Lei 11/2020 de 31 de marzo. Facendo esas contas poderase sacar de aquí unha importante partida económica para atender necesidades de carácter social e asistencial.
2. Na liña anterior de ‘rascar’ de onde se poda para obter recursos económicos que sirvan de ‘salvavidas social’, tamén lembramos que o **Plan Único** deste ano, xa aprobado, e cunha partida orzamentaria para Quiroga de 347.458, 38 €, nunha adaptación posterior contempla que o **50% desta achega da Deputación de Lugo pódese dedicar á cobertura de “necesidades sociais” que xurdan a raíz do COVID19**. Como xa suxerimos nunha observación anterior a unha comunicación municipal, velaquí unha ferramenta para destinar máis cartos ao rescate social. No BNG temos claro que se hai que recortar de obra pública para centrarse na xente que o necesita, non hai discusión. Con fame non se pasa o ano, sen unha pista asfaltada ou bacheada, si.

Medidas fiscais:

1. Estamos de acordo coa petición do concello de solicitar que non se lle cobren aos quirogueses e quiroguesas dos impostos que recada a Deputación de Lugo: IBI, IAE e IMVTM, mentres dure o estado de

alarma. Era unha proposta que tiñamos, pero vemos que xa a presentaron e parécenos ben.

2. Respecto ás taxas municipais propoñemos **que se interrompa tamén o cobro do lixo e da auga aos comerciantes e empresarios que durante o estado de alarma tiveron que pechar** a persiana e non teñen actividade económica algunha. Se un establecemento comercial non ten actividade enténdese que non xera lixo, velaquí o inxusto do seu cobro.
3. En relación á taxa do punto limpo, a **proposta é que o Concello non cobre polos gastos de recollida**. Se os interesados/as en levar obxectos ao Punto Limpo non poden saír da casa e facer eles o transporte, non é lóxico que se lle cobren os gastos de recollida, gastos que de partida, ao BNG nunca nos pareceron xustos.

Medidas de reactivación económica:

1. Activar un Plan de reactivación económica local.

Propoñemos que este plan de reactivación, ademais de acompañamento e asesoramento, inclúa axudas directas, analizando caso por caso, a autónomos e PYMES que se atopen en situacións límite. Axudas que podan ser complementarias ás que se aprobaron xa dende o Goberno Central para autónomos e empresas. Se axudamos a un comercio ou empresa de Quiroga aportando maior liquidez, mantemos a vida económica local, postos de traballo e contribuíntes. Se pecha un comercio perdemos todo o anterior.

Campañas de visibilización en redes sociais do comercio local ou sesións de formación para coñecer as posibilidades de liñas de financiamento avalados por administracións públicas tanto autonómica como estatal, son iniciativas que axudan, dámoslle o noso parabén ao goberno local neste senso. Pero cremos que podemos ir máis alá.

2. En canto á **instrumentalización e ao financiamento para esa achega** propoñemos estudar o tema cos servizos xurídicos e con Intervención para **redactar unha liña de subvencións**. Partindo das posibilidades que nos outorga a *Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Quiroga aprobada no 2006* poderíase redactar e aprobar unha liña de axudas a fondo perdido para o sector económico local. E no apartado de financiamento poderíamos recorrer aos instrumentos de “modificación de créditos ou transferencias de crédito”; anulando ou minorando créditos de aplicacións non comprometidas ou transferindo crédito dunhas aplicacións de gastos a outras. E neste punto, sen analizar polo miúdo os orzamentos aprobados para 2020, cremos que hai **partidas orzamentarias que poden sacrificarse ou reducirse** en beneficio destas axudas ao sector produtivo local. Por exemplo: o gasto en subvencións para festas de aldeas, que seguramente non se podan realizar este ano, o orzamento para eventos de Quiroga, incluídas as

festas de agosto, subvencións para entidades deportivas se tampouco se realizarán eventos deportivos estes meses, gastos en publicidade e protocolo, gastos de combustible, etc.

Sirva este escrito, pois, para que Alcaldía atenda as nosas propostas, encamiñadas como non podía ser doutro xeito a axudar, aportar outros puntos de vista e solucións de cara a combater esta pandemia.

Quiroga, 25 de abril de 2020



Xosé Manuel Fernández Montes